



**Guía práctica para a constitución das  
mesas locais de coordinación interinstitucional  
contra a violencia de xénero**

XUNTA DE GALICIA

# Índice

1. Introducción
2. Que é a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero (MLC)
3. Obxectivos
4. Beneficios da súa constitución
5. Composición da MLC
6. Pasos para a súa creación e funcionamento
7. Ámbitos de actuación
8. Recursos dispoñibles na Comunidade Autónoma de Galicia

## 1. Introducción

A Secretaría Xeral da Igualdade, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, ten encomendado o desenvolvemento de actuacións integrais encamiñadas á prevención e á erradicación da violencia de xénero.

2

Pola súa banda, os concellos teñen entre as súas funcións levar a cabo actuacións e servizos dirixidos especificamente ás mulleres para fomentar o principio de igualdade e desenvolver accións e programas para a prevención e a eliminación da violencia exercida sobre as mulleres.

Este documento trata de ser unha guía para favorecer a aplicación das medidas legislativas vixentes no ámbito da violencia de xénero (Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e Lei galega 11/2007, do 27 de xullo,

para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero), a través da posta en marcha das mesas locais de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero nas entidades locais de Galicia.

Estas leis recoñecen o ámbito municipal, pola súa proximidade á cidadanía e polo coñecemento da situación específica da súa poboación, como o idóneo para o desenvolvemento de accións tendentes a garantir a igualdade entre mulleres e homes, de prevención e erradicación da violencia de xénero e, establecen que a Administración autonómica colaborará coas entidades locais para estes efectos.

A guía explica dun xeito sinxelo e práctico os pasos que se deben seguir para a constitución e o funcionamento sistematizado da mesa local de coordinación, como mecanismo útil para a harmonización de todos os axentes e entidades implicadas.

## 2. Que é a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero (MLC)

Unha mesa local de coordinación interinstitucional é un instrumento operativo no que están representados todos os ámbitos municipais implicados, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero, co obxecto de procurar unha maior eficiencia da resposta ante a grave vulneración de dereitos que supón a violencia de xénero.

A MLC ten as seguintes **funcións**:

- Determinar criterios para a detección precoz de casos de violencia de xénero no ámbito local.
- Acordar criterios comúns para a detección e a atención en casos de alto risco.
- Realizar o seguimento de casos de alto risco.
- Identificar situacións de posible descoordinación entre os distintos ámbitos e realizar propostas de mellora.
- Poñer en común e avaliar os datos sobre violencia de xénero de cada ámbito de actuación.
- Impulsar estratexias de sensibilización/prevenção.
- Avaliar os resultados das campañas de sensibilización/prevenção realizadas.
- Manter un contacto fluído co departamento autonómico competente na área de Igualdade e colaborar na difusión das actuacións de prevención de violencia de xénero propostas por este departamento.

### 3. Obxectivos

O obxectivo xeral da MLC é promover, no ámbito municipal, políticas e actuacións para a erradicación da violencia de xénero.

Como **obxectivos** específicos, destacan os seguintes:

1. Mellorar a detección precoz de casos de violencia de xénero.
2. Optimizar a coordinación dos axentes implicados na loita contra a violencia de xénero.
3. Ofrecerlles unha atención e unha resposta áxil ás vítimas.
4. Mellorar a protección daquelas que presenten alto risco.
5. Informar e sensibilizar na materia tanto os profesionais como a poboación en xeral.

## 4. Beneficios

O funcionamento sistematizado da MLC xera beneficios a distintos niveis e en todos eles a coordinación e a colaboración son as premisas fundamentais para unha atención máis áxil, eficiente e eficaz ás mulleres que ven vulnerados os seus dereitos por mor da violencia de xénero.

### a) Para as mulleres:

- Facilita a detección precoz de casos de violencia.
- Facilita unha resposta máis adaptada ás súas necesidades.
- Proporciona solucións segundo o seu nivel de risco.
- Impulsa accións e estratexias dirixidas a grupos específicos de poboación no municipio.

### b) Para as entidades implicadas:

- Mellora a interrelación das liñas de traballo dos axentes integrantes da MLC.
- Favorece o coñecemento e a homoxeneización de criterios para a detección, a atención e o seguimento dos casos.
- Incrementa a eficiencia no uso dos recursos públicos.

### c) Para toda a sociedade:

- Incrementa a percepción da violencia de xénero como un problema social.
- Impulsa accións e estratexias dirixidas a grupos específicos de poboación no municipio.
- Incrementa a confianza da cidadanía na institucións públicas

## 5. Composición da MLC

Na MLC debe haber representación de todos os axentes que dentro do ámbito local estean involucrados, directa ou indirectamente, na materia.

A **presidencia** da Mesa debería asumila o alcalde ou a alcaldesa do concello, ou concelleiro/a en quen delegue, e a **secretaría** asumila a persoa técnica que se designe por parte da concellaría competente en materia de violencia de xénero.

6



A MLC pode ampliar a representación a outras entidades, ben de forma estable ou ocasional, en razón da oportunidade.

## 6. Os pasos para a creación da MLC

A creación da MLC pode levarse a cabo por instancia da concellaría competente na materia en cada concello, a teor da seguinte secuencia:

1. Aprobación da creación da MLC por resolución da alcaldía ou acordo da xunta de goberno local.

O acordo deberá recoller a composición da MLC:

- Presidente/a da mesa - alcalde, alcaldesa ou titular da concellaría competente na materia.
- Secretario/a - técnico/a da concellaría competente.
- Unha persoa representante de cada entidade membro da MLC.
- Periodicidade e modo de convocatoria.

(Modelo de acordo de constitución en anexo I)

2. A persoa titular da concellaría competente na área de violencia de xénero envía unha carta á persoa responsable de cada un dos ámbitos municipais implicados na loita contra a violencia de xénero.

- Informa da iniciativa de crear a MLC.

- Describe obxectivos e funcións.

- Solicita o nomeamento dunha persoa como titular e doutra como suplente a cada organismo. (Modelo de carta en anexo II)

3. Constitución da MLC.

- No prazo máximo dun mes dende a creación da MLC, a persoa que exerza a presidencia da MLC convocará a primeira xuntanza.

- Convocatoria por carta ou correo electrónico ás persoas representantes. (Modelo de convocatoria en anexo III)

- Inclúe a orde do día.

- Informa a Secretaria Xeral da Igualdade que pode asistir á 1ª xuntanza de constitución, por solicitude da presidencia da MLC e sempre que a dita presidencia o considere oportuno.



A clave da MLC está na súa periodicidade e na permanencia das mesmas persoas e instancias en todas as sesións. Unha vez constituída deben seguirse os seguintes pasos:

8

#### 4. Convocatoria semestral da MLC:

A persoa que exerza a presidencia do MLC será a encargada de realizar a convocatoria.

- A MLC será convocada de forma ordinaria como mínimo, con periodicidade semestral. (dúas veces ao ano)
- Con carácter extraordinario, poderá convocarse cando se considere necesario.
- Con cada convocatoria remitirase a orde do día e o borrador da acta da sesión anterior.

#### 5. Remitir acta da primeira sesión

aos membros da mesa: A persoa que exerza a secretaría da MLC será a encargada de redactar a acta de cada sesión.

- No prazo máximo de 30 días dende a reunión da MLC remítese a acta a todas as persoas integrantes da MLC (isto é válido para as sucesivas convocatorias da mesa).
- A acta da reunión deberá ser aprobada pola MLC na seguinte convocatoria.

## 7. Actuación da MLC

A MLC debe seguir dúas liñas de actuación: **a prevención e a intervención.**

### a) Prevención

A prevención debe ir encamiñada a evitar novas situacións de violencia e a impedir que outras xa existentes se cronifiquen. Para iso, a MLC debe poñer en marcha diferentes prácticas coordinadas que posibiliten este obxectivo:

- **Estratexias de sensibilización** dirixidas a toda a poboación, con especial interese naqueles sectores máis vulnerables (poboación nova, poboación maior, poboación con risco de exclusión, etc.) que garantan unha difusión eficiente da información.

- **Actividades de formación** dirixidas a sectores profesionais relacionados directamente coa loita contra a violencia de xénero e a outros ámbitos profesionais que, aínda que non actúen directamente con mulleres que sofren violencia de xénero, poidan exercer unha cualitativa función de sensibilización (profesorado, persoal do concello, movementos asociativos, organizacións veciñais etc.).

## b) Intervención

A intervención estará marcada pola natureza dos casos:

- Aqueles que precisen unha **intervención inmediata**: nos que a muller e, se é o caso, os seus fillos e fillas, estean nunha situación de alto risco ou de especial necesidade de atención urxente.
- Aqueles casos que **non requiren unha intervención inmediata**: son os máis frecuentes e, na súa maioría, presentan necesidades de intervención a medio/longo prazo e presentan unha casuística moi variada.

Polo tanto, o primeiro paso despois da posta en funcionamento da MLC será determinar os procedementos comúns de actuación en cada caso, segundo os recursos dispoñibles.

## 8. Recursos dispoñibles na Comunidade Autónoma de Galicia

### a)Centros de información ás mulleres (CIM)

O CIM é o primeiro recurso á disposición das usuarias, no que se leva a cabo:

- A acollida e atención inicial.
- A valoración da situación actual de violencia.
- A derivación, se procede, a recursos especializados.

<http://igualdade.xunta.es/gl/recursos/centros-de-informacion-mulleres>

### b)Recursos especializados

#### • Rede galega de acollemento

Galicia conta cunha rede de acollemento, composta por cinco centros de acollida nas cidades da Coruña, Ferrol, Culleredo, Lugo e Ourense.

#### • Centro de emerxencia para mulleres vítimas de violencia de xénero de Vigo. (Cemvi)

O centro de emerxencia para mulleres vítimas da violencia de xénero (Cemvi) proporciónalles aloxamento inmediato e de curta estancia ás mulleres e ás persoas delas dependentes e garántelles un acollemento de emerxencia mentres se valora a súa situación e/ou se efectúa unha derivación a outro dispositivo máis axeitado.

<http://igualdade.xunta.es/gl/recursos/centro-de-emerxencia-para-mulleres-vitimas-da-violencia-de-xenero>

- **CRI**

O centro de recuperación integral para mulleres vítimas de violencia de xénero (CRI) sito en Santiago de Compostela desenvolve un modelo de atención integral para as mulleres en situación de violencia de xénero e para as persoas delas dependentes, especialmente os seus fillos e fillas menores.

<http://igualdade.xunta.es/gl/recursos/centro-de-recuperacion-integral-para-mulleres-vitimas-de-violencia-de-xenero-cri-0>

### **c)Servizos sociais de atención primaria**

12

Os servizos sociais de atención primaria supoñen unha importante porta de entrada para a detección de casos de mulleres vítimas de violencia de xénero e a súa atención e/ou derivación a outros servizos especializados.

### **d)Servizos sanitarios de atención primaria e hospitalarios**

Os servizos sanitarios, especificamente os de atención primaria, son posiblemente o recurso que utiliza a gran maioría de mulleres en situación de violencia de xénero, polo que se fai necesario intensificar a vixilancia para a detección e a derivación de casos de violencia de xénero desde este ámbito.

## ANEXO I

### MODELO

## ACORDO PARA A CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO

D/Dña-----  
Secretario/Secretaria do Concello de-----

### CERTIFICO:

Que no Pleno da corporación, en sesión ordinaria celebrada o día <día> de <mes> de <ano>, aprobouse o seguinte ACORDO:

**Considerando** que a violencia contra as mulleres non é un problema que afecte o ámbito privado senón que pola contra se manifesta como o símbolo máis brutal da desigualdade ente mulleres e homes existente na nosa sociedade. É un problema público e social de primeira magnitude, xa que representa un ataque ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade e á non discriminación, todos eles valores irrenunciáveis que proclama a nosa Constitución e o noso Estatuto.

**Considerando** que os poderes públicos non debemos ser alleos á violencia, temos a obriga de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos.

**Considerando** que a coordinación é un factor determinante para unha mellor eficacia na prevención e detección dos casos de violencia de xénero, así como para conseguir unha mellor complementariedade dos recursos destinados a ofrecer unha intervención integral ás mulleres vítimas da violencia de xénero

**Como consecuencia** do exposto con anterioridade

### PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO

**Primeiro:** Constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

Constitúen a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero:

*Presidencia:*

- O/A alcalde/alcadesa-presidente/a do Concello de-----ou concelleiro ou concelleira en quen delegue, que a presidirá

*Vogalías:*

- Concelleiros/concelleiras con competencias no ámbito da prevención e loita contra a violencia de xénero
- Persoal do centro de información ás mulleres-CIM (cando exista)
- Persoal dos servizos sociais municipais
- Representante da policía local
- Representante das forzas e corpos de seguridade (Garda Civil, Policía Nacional, Policía Autonómica)
- Representante dos centros educativos
- Representante dos servizos sanitarios
- Representante doutras institucións <especificar: eido xurídico, colexios de avogados/as, emprego, Xunta de Galicia, etc>

*Secretaría:*

- Persoa técnica da concellaría competente na materia

**Segundo:** A Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero reunirse de xeito ordinario con periodicidade semestral, e de xeito extraordinario ou con carácter de urxencia sempre que a situación o requira.

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente pola correspondente comisión informativa que figura no expediente, e que reza como segue:

E para que conste e para os efectos oportunos, expido e asino a presente certificación, co visto e praxe do/da Sr./Sra. alcalde/alcadesa.

En-----a-----de-----de-----

## ANEXO II

### MODELO

#### SOLICITUDE DE NOMEAMENTO INTEGRANTES DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL FRONTE À VIOLENCIA DE XÉNERO

Nome e apelidos

Enderezo

CP Localidade

En <localidade> a <día>de <mes> de <ano>

Estimado/Estimada <persoa a quen se dirixa>

Pola presente comunícolle que no Pleno da Corporación do Concello de <Concello>, en sesión ordinaria celebrada o día <día>de <mes> de <ano>, aprobouse o Acordo de constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

A dita mesa vai constituír unha ferramenta operativa na que están representados todos os ámbitos municipais, e outros, implicados, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero co obxecto de procurar unha maior eficiencia de todas as actuacións a tal fin.

Trátase dunha iniciativa que busca incrementar o grao e a calidade da coordinación interinstitucional por parte de todas as administracións públicas, e contribuír así a optimizar a accesibilidade aos recursos e á prestacións dos servizos de atención ás mulleres do noso ámbito municipal afectadas por situacións de violencia de xénero.

Polo tanto, e de cara a iniciar os traballos da Mesa, solicito que nomeen as persoas que por parte dese organismo/departamento consideren oportuno que participe como integrante da Mesa (titular e suplente), e nos remita no formulario que se achega, os ditos nomeamentos, a ser posible antes do <día>de <mes> de <ano>.



Transcorrido o dito prazo, poñerémonos en contacto coas persoas nomeadas para convocalas á primeira xuntanza de constitución da Mesa.

O enderezo (postal ou electrónico) ao que deben remitir os datos das persoas nomeadas, é: *<enderezo que corresponda>*, indicando no asunto: **“Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero”**.

Agradézolle de antemán a súa colaboración.

Reciba un cordial saúdo

*<Nome, apelidos e cargo da persoa que asina>*

Sinatura

*(Se se considera, pódese achegar tamén copia do acordo do pleno)*

16

**MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO**

**NOMEAMENTO INTEGRANTES DA MLC**

**DATOS DA PERSOA/PERSOAS NOMEADAS**

NOME DO ORGANISMO OU DEPARTAMENTO A QUE REPRESENTA

ENDEREZO

NOME E APELIDOS DA PERSOA NOMEADA

TELÉFONO

CORREO ELECTRÓNICO


## ANEXO III

### MODELO

#### CONVOCATORIA XUNTANZA DE CONSTITUCIÓN DA MESA LOCAL DE COORDINACIÓN INTERINSTITUCIONAL FRONTE Á VIOLENCIA DE XÉNERO

*Nome e apelidos*

*Enderezo*

*CP Localidade*

En <localidade> a <día> de <mes> de <ano>

17

Estimado/Estimada <persoa a quen se dirixa>

Pola presente comunícolle que no Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día <día> de <mes> de <ano>, aprobouse o Acordo de constituír a Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.

A dita mesa vai constituír unha ferramenta operativa na que están representados todos os ámbitos municipais, e outros, implicados, directa ou indirectamente, na loita contra a violencia de xénero co obxecto de procurar unha maior eficiencia de todas as actuacións a tal fin.

Procédese agora a contactar con vostede, que foi nomeado/a para formar parte da dita Mesa de Coordinación, Mesa que estará integrada por profesionais que como vostede, e dende distintos ámbitos, están a traballar no eido da violencia de xénero.

A xuntanza de constitución da Mesa terá lugar o vindeiro día <día> de <mes>, en <lugar onde terá lugar a xuntanza>, en <Localidade>, en horario <horario previsto>, coa seguinte **Orde do día**:

- 1.- Constitución da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero.
- 2.- Definición dos seus obxectivos e funcións
- 3.- Proposta de funcionamento
- 4.- Actuacións que se desenvolverán para a mellora da coordinación
- 4.- Rogos e preguntas

Agradézolle de antemán a súa colaboración.  
Reciba un cordial saúdo

*O/A presidente/presidenta da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero".*



UNIÓN EUROPEA  
FONDO SOCIAL EUROPEO  
*"O FSE inviste no teu futuro"*



OBSERVATORIO GALEGO  
DA VIOLENCIA DE XÉNERO

galicia



XUNTA  
DE GALICIA